1.2. Cadro macroeconómico

A economía galega continúa en 2015 coa súa tendencia positiva ao presentar no conxunto do ano un crecemento interanual acumulado do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado do 2,1% (3,2% segundo os datos publicados polo INE na Contabilidade Rexional de España) fronte ao 0,4% do ano anterior. Este dinamismo segue a ser máis feble que o rexistrado no conxunto do Estado (3,2%) e lixeiramente superior ao da zona euro (1,9%).


Os datos do cadro macroeconómico reflicten que Galicia presenta taxas de variación interanuais cada vez máis positivas, acadando no cuarto trimestre un incremento do 2,6%, nove décimas menos que a media estatal. Os datos intertrimestrais indican a tendencia positiva da economía galega e a mellora do dinamismo económico ao longo de todo o ano a diferenza do que acontece no caso español, onde as taxas de crecemento presentan un certo estancamento.

A devandita recuperación da actividade traslada o seu efecto positivo ao mercado de traballo atendendo tanto ao incremento do volume total da ocupación, xa se mida en termos de poboación ocupada, afiliacións ou postos de traballo equivalentes a tempo completo, como se se considera o descenso do desemprego estimado pola EPA ou o rexistrado no Servizo público de emprego. Con todo, este dinamismo non foi quen de frear a forte caída poboacional e nomeadamente, a acusada redución da poboación potencialmente activa (16-64 anos).

Análise macroeconómico da economía de Galicia

O principal motor de crecemento da economía galega dende o punto de vista da demanda é a demanda interna, cunha achega de 2,8 puntos ao crecemento agregado do PIB, en tanto que o sector exterior detrae sete décimas en 2015. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o diferencial de crecemento ven explicado tanto pola menor achega da demanda interna (3,7 puntos en España) como por detraer dúas décimas menos (0,5 puntos) a externa.

PIB, achega da demanda interna e sector exterior 2007-15



(1) PIBpm; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2016)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.1.

No que á demanda interna se refire, tanto o gasto final en consumo privado como público e o investimento presentan novamente taxas de variación positivas, sendo o investimento, medido pola formación bruta de capital (FBC), o compoñente máis dinámico cun incremento interanual do 5,8%, máis de cinco puntos superior ao estimado para o ano anterior. Os datos trimestrais amosan que este crecemento se manen ao longo de todo o ano, salientando incrementos interanuais superiores ao 6% no segundo e terceiro trimestre do ano. A nivel estatal, o crecemento da FBC volve a presentar unha maior intensidade, acadando unha taxa interanual do 7%.

En relación ao investimento en bens de equipo, é dicir, os utilizados como medios de produción no proceso produtivo de bens e servizos, os datos de variación media anual do índice de produción industrial reflicten un aumento considerable no ano 2015, sendo a taxa de variación interanual do 9,1% (7,2% en España). De xeito similar, as importacións de bens de equipamento rexistraron en 2015 un crecemento moi significativo, case un 22%, fronte ao lixeiro descenso do ano anterior (–0,7%).

No que ao gasto en consumo final se refire, o incremento do 2,2% rexistrado no ano 2015 ven motivado tanto polo comportamento do consumo privado como polo público. Como reflicte o **cadro 1.2.2.**, o gasto dos fogares aumenta un 2,3% respecto ao ano anterior (0,5% en 2014), sendo esta taxa interanual superior á do gasto das Administracións Públicas, cunha medra do 1,9% (0,6% no ano anterior). Asemade, cómpre mencionar que ao igual que acontecía no caso do investimento, ambas as dúas variables presentan un incremento inferior ao estimado para a economía española, onde o gasto das familias e institucións privadas sen fin de lucro medra un 3,1% e o consumo público un 2,7%.

O consumidor galego volve a ter unha percepción menos pesimista atendendo á evolución do indicador de confianza. Este indicador toma valores entre –100 e 100, correspondendo os valores entre 0 e 100 con percepcións favorables e entre 0 e –100

PIB 2014-15: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2014	2015	2014				2015			
			trimestres							
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	0,5	2,2	1,2	-0,6	1,3	0,1	2,1	2,2	2,4	2,2
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	0,5	2,3	-0,3	0,0	0,8	1,4	2,1	2,4	2,4	2,4
Gasto en consumo final das AA.PP.	0,6	1,9	6,0	-2,1	2,7	-3,6	2,3	1,4	2,2	1,8
Formación bruta de capital fixo	0,5	5,8	-4,0	-0,4	2,0	4,5	5,7	6,1	6,3	5,3
Exportacións de bens e servizos	1,2	4,2	6,1	0,8	-1,4	-0,3	1,4	4,7	4,2	6,5
Importacións de bens e servizos	1,4	5,5	6,5	-0,3	0,2	-0,2	3,7	6,2	5,5	6,5
PIB a prezos de mercado	0,4	2,1	0,0	0,1	0,5	0,8	1,4	1,9	2,2	2,6
Ramas agraria e pesqueira	2,3	1,4	2,3	2,7	1,1	3,2	1,2	0,2	2,5	1,6
Ramas industriais	-1,6	2,1	-0,7	-1,6	-2,5	-1,8	-0,3	2,5	3,2	3,1
Industria manufactureira	-2,4	4,6	-1,9	-3,0	-2,8	-1,7	1,2	4,6	5,1	7,5
Construción	-2,2	3,7	-5,6	-2,9	-1,7	1,7	3,5	3,2	4,3	3,9
Ramas dos servizos	1,1	2,0	0,7	0,7	1,3	1,6	1,8	1,9	2,0	2,3
Impostos netos sobre os produtos	0,0	1,6	-0,4	-0,3	0,3	0,6	1,3	1,6	1,4	2,2

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2016)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.2.

con percepcións desfavorables, tanto máis pesimistas ou optimistas canto máis se aproximen aos valores extremos. No ano 2015 este indicador acada un valor negativo de –10,6 puntos, cando no ano precedente era de –18,8 puntos, en tanto que a percepción da situación da economía galega, aínda sendo negativa, mellora considerablemente respecto ao do ano anterior (-1,0 en 2015 e -17,3 en 2014).

Outros indicadores que mostran a evolución positiva do consumo das familias son o índice de vendas do comercio polo miúdo, que medra un 4,5% respecto ao ano anterior (prezos constantes). No caso das importacións de bens de consumo, estas medraron en 2015 un 3,7% respecto ao ano 2014, sendo esta medra máis de tres veces inferior á do conxunto do Estado (11,8%).

A licitación oficial pública segundo data de anuncio rexistrou en Galicia un novo repunte cun crecemento próximo ao 24% en relación ao ano anterior (máis dun 36% en 2014), por mor da licitación da Administración Xeral do Estado, que medra un 43,3%, e da Administración Autonómica, que se incrementa nun 28,9%. Por contra, o importe da licitación pública da Administración Local redúcese un 25,5%.

No que respecta á demanda externa, os datos do cadro macroeconómico reflicten que a súa achega negativa ven motivada por un maior incremento das importacións que das exportacións, sendo este ritmo de crecemento inferior ao da economía española. Dunha banda, as importacións galegas de bens e servizos medran no ano 2015 a unha taxa interanual do 5,5% en relación ao ano anterior, un punto e unha décima por riba das exportacións. Doutra banda, no conxunto do Estado o crecemento das importacións foi do 7,5% fronte ao 5,4% no caso das exportacións.

A partir da información proporcionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, dedúcese que o incremento das exportacións/expedicións, excluído o resto do territorio español, superou no ano 2015 os 1.005 millóns de euros, consecuencia da medra das exportacións galegas a países comunitarios (1.206,5 millóns de euros). No que respecta ás importacións/introducións, estas aumentaron en 627 millóns de euros, influenciado tanto polo incremento das com-

Consumo e investimento en Galicia e España 2014-15: principais indicadores

		Galicia		España	
		2014	2015	2014	2015
		(taxas de variación interanual)			
Consumo					
Índice de vendas do comercio polo miúdo	*(prezos correntes)*	-0,2	2,5	0,5	1,8
Índice de vendas do comercio polo miúdo	*(prezos constantes)*	0,0	4,5	0,9	3,6
Produción de bens de consumo		-1,8	2,3	1,7	1,3
Produción de bens de consumo duradeiro		-7,2	8,7	-2,1	3,1
Produción de bens de consumo non duradeiro		-1,5	2,0	1,8	1,1
Importación de bens de consumo		2,8	3,7	13,2	11,8
Ocupación hoteleira		4,3	9,6	3,2	4,3
Gasto de Administracións Públicas		0,6	1,9	0,0	2,7
Investimento					
		(taxas de variación interanual)			
Produción de bens de equipo *(índice de producción industrial)*		-11,2	9,1	1,4	7,2
Importacións de bens de equipo		-0,7	21,9	9,4	22,0
Licitación pública					
Total		36,1	23,9	42,6	-22,7
Administración Xeral do Estado		54,7	43,3	56,6	-21,0
Administración autonómica		-12,2	28,9	11,8	-7,8
Administracións local		47,3	-25,5	49,9	-35,5
Consumo de cemento					
Expectativas do consumidor (1)					
Indicador de confianza do consumidor	*(saldo medio das respostas)*	-18,8	-10,6		
Situación financeira persoal		-10,7	-4,0		
Situación económica de Galicia		-17,3	-1,0		
Capacidade de aforro		-29,1	-34,9		
Desemprego		-18,3	-2,4		

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

1.2.3.


pras a países da UE (343,9 millóns) como polas procedentes de terceiros países (283,1 millóns de euros máis que no ano anterior).

• Agregados da oferta

A análise do cadro macroeconómico dende a óptica da oferta indica que a principal característica do conxunto do ano 2015 é o crecemento de todos os grandes sectores produtivos. A nivel agregado, cómpre resaltar en primeiro lugar o comportamento positivo da industria manufactureira, que se sitúa como principal motor de crecemento cunha taxa de variación interanual do 4,6% respecto ao ano anterior, por diante da construción (3,7%) que retoma as taxas positivas anteriores ao estalido da crise económica. A evolución trimestral ao longo de todo o ano indica o crecemento continuo da industria de manufacturas, que remata o ano cunha medra do 7,5% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

Influenciado pola devandita tendencia do conxunto das ramas manufactureiras, o valor engadido bruto xerado polo conxunto da actividade industrial, incluído o subsector enerxético, presenta tamén taxas de crecemento positivas (2,1%) acadando no segundo semestre de 2015 taxas superiores ao 3%. Asemade, tanto o sector servizos como o sector primario manteñen as taxas positivas de variación interanual rexistradas no exercicio anterior (2,0% e 1,4%, respectivamente), se ben o sector primario presenta unha ralentización no seu crecemento. Ao igual que acontecía coa industria manufactureira, a evolución trimestral do veb xerado polo conxunto das ramas terciarias aumenta a medida que avanza o ano, rema-

Tipos de xuros 2008-15 (1)



(1) datos do mes de decembro de cada ano; os datos de 2015 son provisionais

(2) préstamos, distintos de préstamos renovables e descubertos ou saldos de tarxetas de crédito, concedidos para fins como negocios, consolidación da débeda, educación, etc.

Fonte: Banco de España

1.2.4.

tando o cuarto trimestre de 2015 cunha medra do 2,3% en relación ao mesmo período do ano anterior (3,4% no Estado).

En comparación co que acontece no conxunto do Estado tan só o subsector da industria manufactureira presenta un mellor comportamento (3,8% fronte aos devanditos 4,6% en Galicia) o que explica o diferencial no crecemento do PIB polo lado da oferta. A pesar da boa evolución da construción na comunidade autónoma, o seu incremento en España é punto e medio superior, acadando o 5,2%, sendo este incremento do 3,5% no caso do sector industrial, do 3,1% no conxunto das actividades do sector servizos e do 2,0% no sector primario.

• Distribución da renda

No ano 2015 continúa o incremento da remuneración dos empregadores aos seus asalariados iniciado no ano anterior tras 5 anos de caídas (2009-2013). Ao longo do último ano a remuneración salarial experimenta unha medra do 1,9%, catro décimas menos que a taxa de variación interanual da actividade produtiva medida en termos de PIB nominal prezos correntes, sendo o incremento similar no caso dos beneficios empresariais (en termos de excedente de explotación bruto/renda mixta bruta). Tras esta evolución, a participación dos asalariados na renda sitúase no 44,5% en tanto que o peso relativo dos beneficios sitúase no 45,3%.

No que respecta á evolución da distribución da renda no período 2008-2015, a participación dos asalariados na renda diminúe en 2,4 puntos porcentuais, pasando do 46,9% no ano 2008 ata os devanditos 44,5% do último ano. Pola contra, o peso dos beneficios increméntase en 0,4 puntos porcentuais, pasando do 45% ao devandito 45,3% en 2015. Cómpre resaltar que por terceiro ano consecutivo o peso relativo das remuneracións salariais sobre o PIB é inferior ao dos excedentes de explotación.

A taxa de variación interanual do índice xeral de prezos (IPC) a decembro de 2015 foi do –0,2%, cando en decembro do ano anterior este índice situouse no -1,0%. A súa evolución ao longo do ano amosa unha tendencia decrecente, acadando taxas de variación negativas dende novembro de 2014.

Asignación funcional da renda 2008-15 (1)

	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
		(en millóns de euros)		
2008	27.388,4	26.263,4	4.727,5	58.379,3
2009	27.291,2	24.912,9	4.630,9	56.835,0
2010	26.746,8	25.142,9	5.162,8	57.052,5
2011	26.284,4	24.945,9	5.070,8	56.301,1
2012	24.748,6	24.614,5	5.281,0	54.644,1
2013	24.389,8	25.054,3	5.398,2	54.842,3
2014	24.428,7	24.899,9	5.404,9	54.733,5
2015	24.905,0	25.380,6	5.682,7	55.968,3
		(% / PIB)		
2008	46,9	45,0	8,1	100
2009	48,0	43,8	8,1	100
2010	46,9	44,1	9,0	100
2011	46,7	44,3	9,0	100
2012	45,3	45,0	9,7	100
2013	44,5	45,7	9,8	100
2014	44,6	45,5	9,9	100
2015	44,5	45,3	10,2	100

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-06-2016)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagrégase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.5.


O aumento salarial medio pactado en Galicia experimentou unha medra do 0,76%, dúas décimas inferior ao rexistrado no ano anterior. Galicia presenta un aumento salarial pactado nos convenios de empresa similar á media estatal (0,55% fronte ao 0,49% de aumento medio en España), sendo superior no caso dos convenios doutro ámbito (0,79% fronte ao 0,75% a nivel estatal).

A evolución da importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego, medido en termos do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, mostra, segundo os datos das Contas Económicas, que en 2015 os 821.095 asalariados equivalentes a tempo completo, o 83,3% do total, distribúense o 44,5% da renda.

A análise da distribución da renda pode facerse tamén a través da evolución do custo laboral unitario real (CLUR), expresado pola porcentaxe do produto por ocupado (produtividade aparente) que se dedica a retribuír o traballo (remuneración media por asalariado). Contablemente, o peso da remuneración de asalariados no PIB é igual ao CLUR multiplicado pola taxa de asalarización. Como se observa no **cadro 1.2.6.**, o CLUR continúa caendo en Galicia fronte a un incremento no conxunto do Estado.

Á hora de estudar a evolución do CLUR débese ter en conta que o incremento da remuneración de asalariados no último ano é moito máis intensa no conxunto do Estado (3,9%) que en Galicia (1,9%) e, por outra banda, o crecemento da produtividade apa-

Produtividade aparente real, remuneración por asalariado real e custo laboral unitario real en Galicia e España 2008-15



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.6.

rente prodúcese en Galicia por un incremento do PIB superior ao experimentado polo emprego asalariado.

• Inflación

No ano 2015 o índice xeral de prezos ao consumo mantivo as taxas de variación interanuais negativas rexistradas no segundo semestre do ano anterior. No mes de decembro o IPC rexistra un descenso dos prezos do 0,2% en relación ao mesmo mes do ano anterior, permanecendo constante no conxunto do Estado. Se se considera o IPC harmonizado (IPCH), que permite realizar comparacións internacionais e examinar o cumprimento do Tratado de Maastricht, os prezos descenderon en España un 0,1% en tanto que nos países da UE-28 a taxa interanual a decembro foi tamén negativa, situándose no –0,2%.

A nivel provincial, fronte ao descenso dos prezos nas catro provincias galegas en decembro de 2014, no último mes de 2015 o IPC descende tan só en Ourense e Pontevedra (0,4% e 0,3%, respectivamente), permanecendo constante nas outras dúas provincias.

Os incrementos de prezos máis acusados rexístranse, tanto en Galicia como en España, no grupo de alimentos e bebidas non alcohólicas e no das bebidas alcohólicas e

IPC xeral nas CC.AA. 2012-15 (1)

	2012	2013	2014	2015
		(taxas de variación interanual)		
Andalucía	2,6	0,3	-1,2	0,0
Aragón	2,7	0,2	-1,2	-0,1
Asturias	2,6	0,2	-1,1	-0,2
Baleares	3,1	0,5	-0,8	0,3
Canarias	2,5	-0,4	-1,1	-0,4
Cantabria	3,6	0,6	-1,3	-0,4
Castela e León	3,1	0,5	-1,2	-0,3
Castela-A Mancha	2,7	0,2	-1,5	-0,3
Cataluña	3,6	0,2	-0,7	0,3
C. Valenciana	3,0	0,2	-1,2	0,2
Estremadura	2,8	0,0	-1,2	-0,3
Galicia	2,6	0,5	-1,0	-0,2
A Coruña	2,4	0,6	-1,1	0,0
Lugo	3,0	0,5	-1,3	0,0
Ourense	2,9	0,4	-1,1	-0,4
Pontevedra	2,6	0,5	-0,9	-0,3
Madrid	2,5	0,2	-1,1	0,0
Murcia	2,9	0,4	-1,3	-0,1
Navarra	2,7	0,0	-1,2	-0,1
País Vasco	2,7	0,6	-0,7	0,3
A Rioxa	2,8	0,1	-0,9	0,1
Ceuta	2,2	-0,1	-0,5	-0,6
Melilla	1,6	-0,4	-0,6	-0,3
Total	2,9	0,3	-1,0	0,0

(1) datos no mes de decembro de cada ano
Fonte: INE, *Índice de precios de consumo*

1.2.7.

tabaco, seguidos polo da hostalaría. Por contra, os grupos de produtos que presentan un descenso dos prezos corresponden, tal e como se aprecia no **cadro 1.2.9.**, á vivenda e ao transporte.

Atendendo á súa distribución segundo produtos, os prezos da calefacción, alumeado e distribución de auga (6,2%), o leite (5,1%) e o sucre (4,8%) son os que presentan o maior descenso interanual no mes de decembro de 2015. Por outra banda, os incrementos máis acusados rexístranse nas patacas e os seus derivados e nos aceites e graxas, cun 13,7% e 24,3%, respectivamente.

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) aumentou ao longo de todo o ano 2015 tanto en Galicia como no conxunto do Estado, rematando o ano cunha medra interanual do 1% e 0,9%, respectivamente.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.2.10.** amosa que en Galicia, a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPI) no mes de decembro volveu a rexistrar unha nova caída en 2015, sendo este descendo do 2,5% fronte ao -3,9% do ano anterior (2,2% no conxunto do Estado). Este descenso é consecuencia, fundamentalmente, do impacto da evolución experimentada no caso dos bens enerxéticos (-10,6%), presentando o conxunto dos bens intermedios unha caída do 2,6%. Por contra, os bens de consumo duradeiro presentan en Galicia as taxas de variación positivas máis acusadas (0,8%), sendo este crecemento de catro décimas no caso dos bens de consumo duradeiro e dunha décima no dos bens de equipamento.


• Custos e salarios

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou unha medra nominal do 0,76%,


IPC en Galicia e España 2014-15 (1)

(taxas de variación interanual)

IPC xeral



IPC subxacente



(1) datos no mes de decembro de cada ano

Fonte: INE, *Indice de precios de consumo*

1.2.8.

IPC en Galicia e España 2014-15: distribución segundo grupos (1)

	2014		2015	
	Galicia	España	Galicia	España
	(taxas de variación interanual)			
Xeral	-1,0	-1,0	-0,2	0,0
Alimentos e bebidas non alcohólicas	0,1	-0,3	1,4	1,8
Bebidas alcohólicas e tabaco	-0,4	0,4	1,2	1,3
Vestido e calzado	0,4	0,2	0,5	0,5
Vivenda	-0,9	-0,2	-3,2	-2,3
Enxoval	-1,3	-0,6	0,6	0,1
Medicina	-0,2	-0,2	0,2	0,5
Transporte	-4,2	-5,5	-2,8	-2,8
Comunicacións	-5,7	-5,7	0,4	0,5
Ocio e cultura	-1,8	-1,2	0,1	0,2
Ensino	1,0	1,2	0,6	0,5
Hoteis, cafés e restaurantes	0,5	0,6	0,9	0,9
Outros bens e servizos	0,7	1,3	1,4	1,7

(1) datos no mes de decembro de cada ano

Fonte: INE, *Indice de precios de consumo*

1.2.9.

Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2015 (1): distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Enerxía
				(taxas de variación interanual)			
Andalucía	-5,5	3,1	0,6	3,2	0,8	-4,3	-16,1
Aragón	0,4	-0,6	0,4	-1,2	-0,5	1,0	2,2
Asturias	-2,3	-1,2	1,6	-1,4	1,7	-5,6	-0,5
Baleares	1,4	0,4	0,9	0,4	0,0	0,2	2,3
Canarias	-6,4	0,8	0,4	0,8	0,0	-0,8	-9,1
Cantabria	-0,5	1,4	-2,8	2,6	0,3	-5,0	4,5
Castela e León	0,0	0,1	-0,2	0,1	-0,4	0,0	0,4
Castela-A Mancha	-3,9	-0,1	1,0	-0,1	-1,1	-1,4	-11,7
Cataluña	-2,1	0,1	1,0	0,0	0,6	-2,0	-7,0
C. Valenciana	-1,2	1,4	0,1	1,6	1,0	-0,8	-10,2
Estremadura	0,0	0,9	-1,2	1,0	0,6	-2,0	1,9
Galicia	-2,5	0,8	0,4	0,8	0,1	-2,6	-10,6
Madrid	-1,4	1,9	1,2	2,0	0,3	0,6	-4,1
Murcia	-2,3	-1,0	1,0	-1,2	-1,5	0,8	-7,0
Navarra	-0,4	-1,2	-5,3	-0,8	0,0	-0,1	-0,4
País Vasco	-3,3	-1,0	0,0	-1,3	6,3	-2,6	-11,0
A Rioxa	0,1	1,0	1,9	0,9	-0,4	1,1	-3,8
Total	-2,2	0,6	0,3	0,7	0,9	-1,7	-7,9

(1) datos no mes de decembro
Fonte: INE, *Índice de precios industriales*

1.2.10.

Aumento salarial pactado en Galicia e España 2008-2015

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
					(%)			
Galicia								
Convenios totais	4,19	3,25	2,64	2,57	2,19	0,66	0,99	0,76
Convenios de empresa	3,43	2,44	2,22	2,20	1,26	1,69	0,47	0,55
Convenios doutro ámbito	4,29	3,34	2,69	2,63	2,51	0,53	1,13	0,79
España								
Convenios totais	3,00	1,96	2,24	2,17	1,13	0,57	0,57	0,74
Convenios de empresa	3,00	2,12	1,86	2,04	1,40	0,37	0,45	0,49
Convenios doutro ámbito	3,00	1,94	2,29	2,19	1,08	0,58	0,58	0,75

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de convenios colectivos de trabajo*

1.2.11.

dúas décimas inferior ao incremento rexistrado no ano anterior. Esta ralentización ven motivada pola evolución dos convenios doutro ámbito, que experimentan un incremento do 0,79% en relación ao ano anterior (1,13% no ano 2014) mentres que os convenios de empresa mantense practicamente estables (0,55% en 2015 e 0,47% no ano anterior). Como se aprecia no **cadro 1.2.11.** Galicia e España presentan aumentos salariais similares no último ano.

O custo laboral é o custo total no que incorre un empregador pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os chamados "outros custos" (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social). A diferenza do acontecido no ano anterior, o custo laboral por traballador e mes en Galicia rexistrou en 2015 un descenso do 0,7% (medra un 0,6% de media no conxunto do Estado) para situarse nos 2.246,19 euros de media, un 12% menos que en España. Comparado co resto das CC.AA. Galicia sitúase como a cuarta Comunidade Autónoma cos custos la-

Custos laborais en Galicia e España 2014-15: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

	2014							
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
	(en euros)							
Custo laboral por traballador e mes	2.261,39	2.597,31	2.442,87	2.161,26	2.535,99	3.044,88	2.696,29	2.428,98
Custo salarial total	1.654,01	1.903,99	1.693,26	1.588,41	1.881,91	2.247,64	1.895,45	1.811,80
Custo salarial ordinario	1.461,20	1.605,01	1.489,53	1.422,89	1.633,65	1.893,03	1.628,20	1.584,91
Outros custos	607,38	693,33	749,61	572,86	654,08	797,25	800,84	617,18
Custo por percepcións non salariais	78,15	80,27	121,31	73,58	81,32	100,62	140,26	73,73
Custo por cotizacións obrigatorias	539,48	622,83	636,35	509,86	583,78	707,77	670,91	554,50
Subvencións e bonificacións da S. Social	10,25	9,77	8,04	10,58	11,03	11,14	10,33	11,05
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	17,10	18,62	16,78	16,72	19,66	21,93	18,84	19,25
Custo salarial total por hora	12,50	13,66	11,63	12,29	14,59	16,19	13,24	14,36
Custos salarial ordinario por hora	11,05	11,51	10,22	11,01	12,67	13,64	11,38	12,57
Outros custos por hora	4,60	4,97	5,15	4,44	5,07	5,74	5,60	4,89

	2015							
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
	(en euros)							
Custo laboral por traballador e mes	2.246,16	2.629,08	2.431,42	2.135,53	2.551,70	3.033,78	2.667,11	2.453,62
Custo salarial total	1.648,96	1.922,57	1.682,03	1.579,81	1.902,37	2.257,03	1.882,23	1.837,24
Custo salarial ordinario	1.447,89	1.641,48	1.498,80	1.396,12	1.639,71	1.894,13	1.630,32	1.592,64
Outros custos	597,19	706,51	749,39	555,72	649,33	776,75	784,88	616,38
Custo por percepcións non salariais	66,69	78,56	123,50	58,20	73,85	79,92	122,94	69,43
Custo por cotizacións obrigatorias	543,01	639,04	638,38	510,38	590,06	712,10	674,10	561,56
Subvencións e bonificacións da S. Social	12,51	11,09	12,48	12,87	14,58	15,26	12,16	14,61
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	17,16	18,92	16,43	16,78	19,78	21,82	18,55	19,45
Custo salarial total por hora	12,60	13,84	11,37	12,41	14,75	16,23	13,09	14,56
Custos salarial ordinario por hora	11,06	11,81	10,12	10,97	12,72	13,63	11,34	12,64
Outros custos por hora	4,56	5,08	5,06	4,37	5,04	5,59	5,46	4,89

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

1.2.12.

borais máis baixos segundo os datos da *Enquisa trimestral do mercado laboral* (INE), tan só por riba de Estremadura (2.111,56 euros por traballador e mes), Canarias (2.174,11 euros) e a C. Valenciana (2.245,46 euros).

O sector de actividade cos custos laborais máis elevados en Galicia e España foi novamente a industria, cunha media de 2.629,08 euros en Galicia, o 86,7% da media estatal (**cadro 1.2.12.**). Séguenlle a construción, cun custo medio de 2.431,42 euros (o 91,2% do custo medio estatal) e os servizos, con 2.135,53 euros (o 87% da media española).

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes sitúa a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos, por detrás de Estremadura e Canarias. Tras unha redución do 0,9% respecto ao ano anterior (medra un 0,4% no conxunto de España) estas ganancias acadaron no último ano os 1.447,89 euros, case 192 euros menos que a media estatal.

En relación ao tempo de traballo, o número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, acadan en Galicia no ano 2015 as 131,1 horas (132,4 no ano anterior), fronte ás 129,1

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2014-15: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

2014

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	149,6	152,8	163,1	163,8	163,2	167,3	146,2	148,7
Traballadores a tempo completo	168,5	169,2	170,4	171,4	170,9	171,3	167,9	168,3
Traballadores a tempo parcial	86,9	88,1	90,2	95,1	80,6	64,2	86,8	87,7
Horas pagadas								
Total traballadores	149,9	152,9	163,9	164,2	163,6	167,6	146,3	148,8
Traballadores a tempo completo	168,8	169,3	171,2	171,9	171,3	171,6	168,1	168,3
Traballadores a tempo parcial	87,2	88,3	90,3	95,1	80,5	64,2	87,1	88,0
Horas efectivas								
Total traballadores	129,2	132,4	139,2	139,6	143,2	145,7	126,3	129,4
Traballadores a tempo completo	144,9	146,3	145,1	145,8	149,8	149,2	144,5	146,1
Traballadores a tempo parcial	77,0	78,0	80,3	85,1	72,7	57,8	76,9	77,5
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,0	20,8	25,0	25,2	20,5	22,0	20,3	19,6
Traballadores a tempo completo	24,3	23,5	26,5	26,9	21,7	22,6	24,0	22,5
Traballadores a tempo parcial	10,2	10,4	10,1	10,1	7,9	6,4	10,3	10,5
Horas extras por traballador								
Total traballadores	0,6	0,4	1,0	0,7	0,5	0,4	0,5	0,3
Traballadores a tempo completo	0,6	0,4	1,1	0,7	0,6	0,4	0,5	0,3
Traballadores a tempo parcial	0,3	0,3	0,2	0,0	0,0	-	0,4	0,3

2015

	Total		Industria		Construción		Servicios	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	149,7	152,5	163,2	163,4	163,3	167,7	146,3	148,3
Traballadores a tempo completo	168,6	169,3	170,4	171,3	170,9	171,1	167,9	168,5
Traballadores a tempo parcial	88,2	86,0	91,2	92,8	85,2	71,4	88,0	85,5
Horas pagadas								
Total traballadores	150,1	152,6	163,9	164,0	163,7	168,2	146,6	148,3
Traballadores a tempo completo	168,9	169,4	171,2	171,9	171,3	171,7	168,1	168,4
Traballadores a tempo parcial	88,6	86,3	91,3	92,7	84,8	71,4	88,5	85,9
Horas efectivas								
Total traballadores	129,1	131,1	139,4	139,2	144,0	148,2	126,2	127,4
Traballadores a tempo completo	144,8	145,1	145,2	145,6	150,5	151,1	144,2	144,2
Traballadores a tempo parcial	78,1	75,8	80,7	81,8	76,8	66,5	78,0	75,4
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,2	21,9	24,9	25,4	20,0	20,0	20,6	21,2
Traballadores a tempo completo	24,5	24,7	26,3	27,0	21,1	20,6	24,3	24,6
Traballadores a tempo parcial	10,6	10,5	10,7	11,0	8,3	4,8	10,6	10,6
Horas extras por traballador								
Total traballadores	0,6	0,4	1,0	0,8	0,5	0,6	0,5	0,3
Traballadores a tempo completo	0,6	0,4	1,1	0,9	0,6	0,6	0,5	0,2
Traballadores a tempo parcial	0,5	0,4	0,2	0,0	0,0	0,0	0,5	0,4

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

1.2.13.

horas no conxunto do Estado (129,2 horas no ano 2014). Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 145,1 horas efectivamente traballadas (144,8 horas de media en España) e os traballadores a tempo parcial, un total de 75,8 horas ao mes (78,1 horas no conxunto do Estado).

Seguindo a tendencia de anos anteriores, a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos.

A pesar da redución do número de horas efectivamente traballadas, o custo total por hora increméntase un 0,4%, acadando un valor monetario de 17,16 euros, fronte aos 19,78 euros de media en España. O custo

Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2014-15: distribución segundo sectores

	2014		2015	
	Galicia	España	Galicia	España
Produción	*(prezos correntes, en millóns de euros)*			
PIB pm	53.857,6	1.041.160	55.701,1	1.081.190
VEB sector primario	2.650,0	23.903	2.559,9	24.674
VEB industria	9.433,4	161.150	9.771,4	167.203
Ind. manufactureira	7.071,7	125.567	7.455,4	130.759
VEB construción	3.254,6	51.369	3.449,5	54.343
VEB servizos	33.716,7	711.887	34.801,1	735.603
Emprego equivalente a tempo completo	*(en número)*	*(en miles)*	*(en número)*	*(en miles)*
Total	967.698,0	16.364,3	986.073,0	16.851,98
Sector primario	68.011,0	685,5	66.930,0	694,1
Industria	142.374,0	2.159,4	144.748,0	2.220,1
Ind. manufactureira	129.792,0	1.927,2	132.437,0	1.982,3
Construción	68.434,0	902,7	70.327,0	957,0
Servizos	688.879,0	12.616,7	704.069,0	12.980,8
Produtividade aparente	*(prezos correntes, en miles de euros / ocupado)*			
Total	55,66	63,62	56,49	64,16
Sector primario	38,96	34,87	38,25	35,55
Industria	66,26	74,63	67,51	75,31
Ind. manufactureira	54,48	65,16	56,29	65,96
Construción	47,56	56,91	49,05	56,78
Servizos	48,94	56,42	49,43	56,67
Produtividade aparente	*(prezos correntes, % G/E)*			
Total	87,48		88,04	
Sector primario	111,74		107,59	
Industria	88,78		89,63	
Ind. manufactureira	83,62		85,34	
Construción	83,57		86,38	
Servizos	86,74		87,22	

(1) datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 4-04-2016)
Fonte: INE, *Contabilidad regional de España. Base 2010*

1.2.14.

salarial ordinario por hora medra un 0,1%, situándose tamén por baixo da media estatal (11,06 euros e 12,72 euros, respectivamente).

• Mercado de traballo e produtividade

Tal como se analiza con máis detemento no capítulo 2 desta Memoria, a recuperación da actividade económica, cun incremento do PIB real do 3,2% no ano 2015 segundo os datos da Contabilidade Rexional do INE (3,4% en termos nominais) trasládase ao mercado de traballo, que experimenta un incremento da ocupación, tanto se a medimos a través das afiliacións (2,0%) como a través da poboación ocupada ou os postos de traballo equivalentes a xornada completa (1,9% en relación ao ano anterior). Non obstante, a pesar do dinamismo económico no último ano continúa o descenso da poboación activa, que se reduce un 1%.

Ao longo do exercicio 2015, a devandita recuperación da actividade favorece o incremento da taxa de ocupación, que se sitúa en 43,1%, inferior en máis de tres puntos porcentuais á taxa de ocupación media do conxunto do Estado (46,4%).

Tendo en conta a evolución do PIB (prezos correntes) e o emprego equivalente a tempo completo, a produtividade aparente do traballo, medida como o cociente entre estas dúas variables, aumentou en Galicia no 2015 un 1,5%, case o dobre do rexistrado na economía española (0,8%). En termos reais, dos datos da Contabilidade Rexional do INE despréndese que o incremento da

produtividade aparente foi do 1,3% na comunidade galega fronte ao 0,2% no conxunto do Estado.

Atendendo á súa distribución sectorial, os datos do PIB en termos nominais reflicten que a economía galega presenta incrementos da produtividade aparente en todos os sectores agás no sector primario (-1,8%), fronte aos incrementos nos outros sectores, onde salientan a industria manufactureira e a construción, con incrementos superiores ao 3%. En termos reais, cómpre mencionar que a produtividade da industria manufactureira sitúase lixeiramente por baixo do 3% (2,9% en ambos os dous casos), sendo positiva no caso do sector primario (0,3%).

A produtividade aparente do factor traballo representa en Galicia o 88,5% da media estatal, catro décimas por baixo da media do ano anterior. Como indica o **cadro 1.2.14.**, a produtividade aparente do emprego de todos os sectores, agás o sector primario, seguen por debaixo da media estatal.

Xunto ao incremento da ocupación e do desemprego, o **cadro 1.1.11.** *[Mercado de traballo en Galicia e España 2014-15]* reflicte a importante caída do número de traballadores afectados por procedementos de regulación de emprego (48,6% menos que no ano anterior), así como un incremento do 0,9%, no número de empresas inscritas na Seguridade Social no réxime xeral e da minaría de carbón (2,5% en España) e un descenso do 7,1% no número de sociedades mercantís creadas no último ano, fronte ao incremento do 0,5% de media estatal.

Marco orzamentario

Os Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2016, aprobados pola Lei 12/2015, de 24 de decembro, aséntanse na previsión dun escenario favorable de crecemento para os próximos anos, presentando neste ano un diferencial moi pequeno en relación á media española. O escenario macroeconómico para a Comunidade Autónoma prevé unha aceleración do seu crecemento que se sustenta tanto na achega da demanda interna, ao prever un aumento do gasto final en consumo dos fogares galegos e o mantemento do incremento do gasto público, como na achega do sector exterior. Asemade, estima que a taxa de paro manterá a súa tendencia descendente en comparación con anos anteriores.

Ao abeiro da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, acordouse un límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da C.A. para o exercicio 2016, de 8.873 millóns de euros. Porén, o gasto non financeiro consolidado sitúase en 8.804 millóns de euros, cifra que acada o teito de gasto, xa que da contía anterior habería que deducir máis de 45 millóns de euros por aplicación de novos beneficios fiscais e 10 millóns de polo pase a activos financeiros, e a diferencia de esta suma (8.859 M€) e o teito de gasto (8.873M€ é dicir 14 millóns de euros), é debida a fondos finalistas do Estado estimados no teito de gasto e que non se concretaron no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado.

Tanto a mellora do escenario macroeconómico como os novos mecanismos crediticios, nomeadamente as facilidades financeiras proporcionadas polo Estado, permitiron que a diferenza do acontecido nos últimos anos, a Xunta de Galicia aprobara para o exercicio de 2016 uns orzamentos consolidados expansivos, ao rexistrar unha medra do 5,3% respecto ao ano anterior (516,2 millóns de euros). O presuposto ascende a 10.257,0 millóns de euros o que representa o que representa o 18,1% do PIB galego estimado para 2016 e supón 3.773,40 euros/habitante (**cadro 1.2.15.**).

A asignación financeira do Orzamento de 2016 prioriza os gastos atendendo aos eixes

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2015-16: distribución funcional (1)

Funcións	2015			2016			16/15
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(% / PIB)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(% / PIB)*	*(%)*
1 Actuacións de carácter xeral	231.480	2,4	0,4	262.329	2,5	0,5	13,3
11 Alta dirección da Com. Autónoma	34.802	0,4	0,1	35.594	0,3	0,1	2,3
12 Administración Xeral	63.405	0,6	0,1	68.110	0,7	0,1	7,4
13 Xustiza	114.184	1,2	0,2	128.244	1,2	0,2	12,3
14 Administración local	12.349	0,1	0,0	15.629	0,2	0,0	26,6
15 Normalización lingüística	6.740	0,1	0,0	6.757	0,1	0,0	0,3
16 Procesos electorais e órganos de repres. Política	-	-	-	7.995	0,1	0,0	-
2 Protección civil e seguranza cidadá	33.585	0,3	0,1	24.016	0,2	0,0	-28,5
23 Protección civil e seguridade	33.585	0,3	0,1	24.016	0,2	0,0	-28,5
3 Protección e promoción social	768.459	7,8	1,4	856.695	8,3	1,5	11,5
31 Acción social el promoción social	571.208	5,8	1,0	642.603	6,2	1,1	12,5
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	193.107	2,0	0,3	209.901	2,0	0,4	8,7
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.144	0,0	0,0	4.191	0,0	0,0	1,1
4 Produción de bens públicos de carácter social	5.683.369	58,0	10,2	5.893.130	57,2	10,3	3,7
41 Sanidade	3.413.079	34,8	6,1	3.511.531	34,1	6,2	2,9
42 Educación	2.048.282	20,9	3,7	2.148.156	20,8	3,8	4,9
43 Cultura	57.944	0,6	0,1	62.162	0,6	0,1	7,3
44 Deportes	18.548	0,2	0,0	19.611	0,2	0,0	5,7
45 Vivenda	41.393	0,4	0,1	51.353	0,5	0,1	24,1
46 Outros servizos comunit. e sociais	104.123	1,1	0,2	100.317	1,0	0,2	-3,7
5 Producción de bens públ. de carácter económico	775.104	7,9	1,4	828.379	8,0	1,5	6,9
51 Infraestructuras	264.021	2,7	0,5	276.618	2,7	0,5	4,8
52 Ordenación do territorio	16.340	0,2	0,0	15.595	0,2	0,0	-4,6
53 Promoción do solo para actividades económicas	43.619	0,4	0,1	50.568	0,5	0,1	15,9
54 Actuacións ambientais	98.074	1,0	0,2	119.329	1,2	0,2	21,7
55 Actuacións e valorización do medio rural	139.300	1,4	0,2	135.100	1,3	0,2	-3,0
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	124.091	1,3	0,2	130.676	1,3	0,2	5,3
57 Sociedade da información e do coñecemento	85.687	0,9	0,2	96.400	0,9	0,2	12,5
58 Información estatística básica	3.972	0,0	0,0	4.093	0,0	0,0	3,0
6 Regulación económica de carácter xeral	120.616	1,2	0,2	83.585	0,8	0,1	-30,7
61 Actuacións económicas xerais	27.369	0,3	0,0	29.160	0,3	0,1	6,5
62 Actividades financeiras	93.247	1,0	0,2	54.425	0,5	0,1	-41,6
7 Regulación económica de sectores productivos e dto. empresarial	549.662	5,6	1,0	643.280	6,2	1,1	17,0
71 Dinamización económica do medio rural	305.203	3,1	0,5	332.054	3,2	0,6	8,8
72 Pesca	45.072	0,5	0,1	82.389	0,8	0,1	82,8
73 Industria, enerxía e minaría	39.896	0,4	0,1	62.918	0,6	0,1	57,7
74 Desenvolvemento empresarial	103.183	1,1	0,2	108.748	1,1	0,2	5,4
75 Comercio	13.407	0,1	0,0	13.142	0,1	0,0	-2,0
76 Turismo	42.901	0,4	0,1	44.029	0,4	0,1	2,6
8 Transferencias a entidades locais	117.461	1,2	0,2	120.626	1,2	0,2	2,7
81 Transferencias a entidades locais	117.461	1,2	0,2	120.626	1,2	0,2	2,7
9 Débeda pública	1.515.101	15,5	2,7	1.598.200	15,5	2,8	5,5
91 Débeda pública	1.515.101	15,5	2,7	1.598.200	15,5	2,8	5,5
Total	9.794.837	100	17,5	10.310.240	100	18,1	5,3

(1) proxecto de orzamento 2016

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.15.

e obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, que contén o encaixe axeitado para o novo período de programación de fondos europeos. Neste senso, os Orzamentos son coherentes cos cinco obxectivos que a UE ten por obxecto acadar no 2020:

– Acadar unha taxa de emprego do 75% para a poboación de entre 20 e 64 anos.
– Investir un 3% do PIB na investigación e o desenvolvemento.
– Reducir nun 20% as emisións de carbono e aumentar o consumo de enerxías renovables.

– Reducir a taxa de abandono escolar e aumentar a taxa de titulados de ensino superior.
– Reducir en 20 millóns o número de persoas en risco de pobreza e exclusión social.

En aras a unha maior eficiencia no cumprimento dos obxectivos orzamentarios, a lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas introduce como principais novidades no ámbito tributario as seguintes medidas: o establecemento dunha nova escala aplicable ao tramo autonómico do IRPF, aumentando de cinco a sete tramos; un incremento da redución por parentesco no imposto de sucesións e doazóns, de xeito que quedarán exentos de tributar aqueles herdeiros (cónxuxes, ascendentes e adoptantes) cuxa cota hereditaria non supere os 400.000 euros; e no concernente ai importo sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, establécese unha dedución do 100% no ITP no caso das transmisións intervivos de solos rústicos e no das transmisións de explotacións agrarias de carácter prioritario, así como unha dedución do 100% da cota de gravame sobre actos xurídicos documentados que recae sobre as agrupacións de fincas rústicas.

Por outra banda, no que se refire aos tributos propios, cómpre salientar polo seu impacto económico a taxa por programas e centros de servizos sociais, na que se establecen tres tramos diferenciados, fundamentándoo no diferente custo das tarefas de comprobación da acreditación en caso de autorización, declaración responsable e comunicación previa, así como a creación dunha nova taxa necesaria para a articulación da comprobación a efectuar dentro do procedemento de declaración responsable de inicio da actividade, servizo complementario e modificación substancial.

Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos. Esa situación de equilibrio acádase mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, **cadro 1.2.16.**, que a través de diversos saldos facilitan información básica sobre o alcance e composición dos orzamentos.

Analízase a continuación, de xeito breve, a evolución dos principais datos económicos do presuposto recollidos no proxecto de orzamentos para o ano 2016. A conta financeira homoxeneizada para os anos 2015 e 2016 reflicte que os ingresos non financeiros aumentaron no orzamento do último ano en 540,8 millóns de euros, un 6,7% máis que no exercicio precedente, influenciado pola mellora das condicións económicas e os fondos estruturais do novo marco de programación. En termos absolutos os ingresos non financeiros ascenderon ata 8.621,4 millóns de euros.

Os presupostos prevén un incremento dos ingresos correntes de case un 7% en relación ao ano anterior, acadando os 8.024,4 millóns de euros, case 519 millóns máis que en 2015. No que atinxe aos impostos directos (capítulo 1), cuxos ingresos ascenden a 2.194,3 millóns de euros, a medra estimada de 174,4 millóns (8,6%), ven explicada fundamentalmente polo incremento dos ingresos polo IRPF, e en menor medida polo imposto sobre o patrimonio, que medra un 0,9%. Por contra, redúcese o importe do imposto de sucesións e doazóns. Asemade, tamén se incrementa lixeiramente a recadación do Imposto sobre Depósitos en Entidades de Crédito, que se sitúa en 21,1 millóns.

No que respecta ao Capítulo II, impostos indirectos, a recadación ascende a 3.242,8 millóns de euros, un 4% máis que no ano anterior. A recadación esperada polo IVE au-

Orzamentos da C.A. 2015-16: conta financeira homoxeneizada

	2015	2016	16/15	
	(en miles de €)			*(%)*
Operacións correntes				
Ingresos	7.505.846	8.024.436	518.590	6,9
Imposto directos	2.019.852	2.194.298	174.446	8,6
Impostos indirectos	3.117.547	3.242.799	125.252	4,0
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	181.484	178.603	-2.881	-1,6
Transferencias Correntes	2.168.074	2.392.676	224.602	10,4
Ingresos patrimoniais	18.889	16.060	-2.829	-15,0
Gastos	7.070.396	7.335.116	264.720	3,7
Gastos de persoal	3.397.207	3.566.897	169.690	5,0
Gastos correntes de bens e servizos	1.390.314	1.482.695	92.381	6,6
Gastos financeiros	335.917	270.997	-64.920	-19,3
Transferencias correntes	1.946.958	2.014.527	67.569	3,5
Aforro bruto	435.450	689.320	253.870	58,3
Operacións da capital				
Ingresos	574.762	596.945	22.183	3,9
Alleamento de investimentos reais	10.263	13.000	2.737	26,7
Transferencias de capital	564.499	583.945	19.446	3,4
Gastos	1.243.981	1.417.289	173.308	13,9
Investimentos reais	697.950	777.375	79.425	11,4
Transferencias de capital	546.031	639.914	93.883	17,2
Formación de capital	669.219	820.344	151.125	22,6
Fondo de continxencia	125.239	52.038	-73.201	-58,4
Necesidade de Financiamento	-359.008	-183.062	175.946	-49,0
Operacións financeiras				
Ingresos	1.355.222	1.505.798	150.576	11,1
Activos financeiros	146.887	152.957	6.070	4,1
Pasivos financeiros	1.208.335	1.352.841	144.506	12,0
Gastos	1.714.228	1.688.861	-25.367	-1,5
Activos financeiros	14.417	32.426	18.009	124,9
Endebedamento bruto	1.699.811	1.656.435	-43.376	-2,6
Amortizacións	-1.208.335	-1.352.841	-144.506	12,0
Endebedamento neto	491.476	303.594	-187.882	-38,2
Necesidade de Financiamento	-359.006	-183.063	175.943	-49,0

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.16.

menta máis dun 10%, e o seu importe supón entorno ao 60% do total deste capítulo. Asemade, increméntase a recadación estimada para o tramo autonómico do imposto de hidrocarburos, que acada os 86,4 millóns. Cómpre mencionar a incorporación do Imposto compensatorio ambiental mineiro creado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, con 1,1 millóns de euros.

O importe recadado a través das taxas, prezos públicos e outros ingresos (Capítulo III) descende lixeiramente, estimándose un total de 178,6 millóns de euros, un 1,6% menos que en 2015 (un 2,9%).

Os ingresos de capital aumentan un 3,9% (máis de 22 millóns de euros), como consecuencia fundamentalmente do comportamento das transferencias de capital que medran un 3,4% (19,4 millóns), a causa da orzamentación da programación dos Fondos Comunitarios, que acadan os 442,5 millóns de euros en 2016. Por contra, redúcense os Fondos de Compensación Interterritorial e as transferencias finalistas pola redución dos cofinanciamentos.

Os ingresos financeiros redúcense ata os

Magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2016: relación cos saldos en Contabilidade Nacional

	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Déficit orzamentario non financeiro sen efecto Liq.Negat. 2008 e 2009, Conta 413 e inexecución		Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento a efectos S.E.C.	
	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional
	(en miles de €)		*(en miles de €)*		*(en miles de €)*	
Andalucía	-683.446,6	-0,5	-145.184,9	-0,1	-459.784,9	-0,3
Aragón	-360.943,3	-1,0	-59.967,9	-0,2	-107.550,9	-0,3
Baleares	-257.649,1	-0,9	-172.966,0	-0,6	-86.925,5	-0,3
Canarias	-165.328,0	-0,4	-51.848,0	-0,1	-62.308,0	-0,1
Cantabria	-107.946,8	-0,8	-78.926,8	-0,6	-44.376,8	-0,3
Castela e León	-177.749,0	-0,3	-103.875,7	-0,2	-174.823,7	-0,3
Galicia	-183.063,0	-0,3	-98.063,0	-0,2	-174.063,0	-0,3
Madrid	392.062,1	0,2	642.282,1	0,3	-639.717,9	-0,3
Murcia	-129.205,5	-0,4	-71.298,4	-0,2	-86.638,1	-0,3
Navarra	-52.472,2	-0,3	-52.472,2	-0,3	-48.472,2	-0,3
País Vasco	-327.358,8	-0,5	-191.858,8	-0,3	-207.500,0	-0,3
A Rioxa	-37.931,0	-0,5	12.779,0	0,2	7.779,0	0,1
C. Valenciana	-309.190,5	-0,3	-508.353,0	-0,5	-324.073,0	-0,3
Total(1)	-2.400.221,7	-0,3	-879.753,6	-0,1	-2.408.454,8	-0,3

(1) Sen Asturias, Casela-A Mancha, Cataluña e Extremadura

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.17.

	(en miles de €)
Saldo orzamentario	-183.060,0
Axustes conforme as normas SEC	9.000
Liquidacións negativas do sistema de financiación	85.000
Intereses	0
Inexecución	0
Recadación incerta	-32.000
Obrigas de exercicios anteriores (conta413/409)	0
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-47.000
Aportacións de capital a empresas públicas	0
Transferencias do Estado	0
Transferencias da UE	0
Reasignación de operacións	0
Investimentos de APP's	0
Resto de axuste	3.000
Capacidade / Necesidade de financiación	-174.063
% PIB	-0,3

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.18.

1.688,9 millóns de euros, 25,4 millóns menos que no exercicio anterior, consecuencia do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para o trienio 2016-18, fixado no 0,3% do PIB en termos de contabilidade nacional.

Por outra banda, os gastos non financeiros presentan unha evolución positiva do 5,3%, o que supón uns 438 millóns de euros máis que no ano 2015. Este comportamento é consecuencia tanto do incremento dos créditos destinados a operacións correntes, 3,7% (264,7 millóns de euros), como dos gastos de capital, cunha medra do 13,9% (173,3 millóns).

Orzamentos da C.A. 2015-16: clasificación funcional

	2015		2016		16/15
	(en miles de €)	*(% sobre total)*	*(en miles de €)*	*(% sobre total)*	*(%)*
Sanidade	3.413.079	34,8	3.511.531	34,1	2,9
Educación	2.048.282	20,9	2.148.156	20,8	4,9
Acción Social e Promoción Social	571.208	5,8	642.603	6,2	12,5
Débeda Pública	1.515.101	15,5	1.598.200	15,5	5,5
Resto de funcións / políticas	2.247.167	22,9	2.409.750	23,4	7,2
Alta dirección da C.A.	34.802	0,4	35.594	0,3	2,3
Administración xeral	63.405	0,6	68.110	0,7	7,4
Xustiza	114.184	1,2	128.244	1,2	12,3
Administración local	12.349	0,1	15.629	0,2	26,6
Normalización lingüística	6.740	0,1	6.757	0,1	0,3
Procesos electorais e órganos de representación política	-	-	7.995	0,1	
Protección civil e seguridade	33.585	0,3	24.016	0,2	-28,5
Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	193.107	2,0	209.901	2,0	8,7
Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.144	0,0	4.191	0,0	1,1
Cultura	57.944	0,6	62.162	0,6	7,3
Deportes	18.548	0,2	19.611	0,2	5,7
Vivenda	41.393	0,4	51.353	0,5	24,1
Outros servizos comunitarios e sociais	104.123	1,1	100.317	1,0	-3,7
Infraestructuras	264.021	2,7	276.618	2,7	4,8
Ordenación do territorio	16.340	0,2	15.595	0,2	-4,6
Promoción de solo para actividades económicas	43.619	0,4	50.568	0,5	15,9
Actuacións ambientais	98.074	1,0	119.329	1,2	21,7
Actuacións e valorzación do medio rural	139.300	1,4	135.100	1,3	-3,0
Investigación, desenvolvemento e innovación	124.091	1,3	130.676	1,3	5,3
Sociedade da información e do coñecemento	85.687	0,9	96.400	0,9	12,5
Información estatística básica	3.972	0,0	4.093	0,0	3,0
Actuacións económicas xerais	27.369	0,3	29.160	0,3	6,5
Actividades financeiras	93.247	1,0	54.425	0,5	-41,6
Dinamización económica do medio rural	305.203	3,1	332.054	3,2	8,8
Pesca	45.072	0,5	82.389	0,8	82,8
Industria, enerxía e minaría	39.896	0,4	62.918	0,6	57,7
Desenvolvemento empresarial	103.183	1,1	108.748	1,1	5,4
Comercio	13.407	0,1	13.142	0,1	-2,0
Turismo	42.901	0,4	44.029	0,4	2,6
Transferencias a entidades locais	117.461	1,2	120.626	1,2	2,7
Total	9.794.837	100	10.310.240	100	5,3

Fonte: Consellería de Facenda, Proxecto de *Orzamentos 2016*

1.2.19.

No que atinxe aos gastos correntes, estímase unha medra de case 170 millóns de euros no gasto de persoal (5%) consecuencia de diversas modificacións na estrutura administrativa da Xunta de Galicia. Os gastos en bens e servizos (Capítulo II) incrementan o seu importe en 92,4 millóns de euros (6,6%), estimándose unha medra das transferencias correntes por importe de 67,6 millóns de euros (3,5%). Así mesmo, é destacable un novo descenso dos gastos financeiros, que se reducen en máis dun 19% respecto ao ano 2015 (64,9 millóns de euros menos).

En relación ás operacións de capital, estímase unha medra tanto dos investimentos reais como das transferencias de capital. Como se reflicte no devandito **cadro 1.2.17.**, este incremento será do 11,4% no primeiro caso (79,4 millóns de euros máis) e do 17,2% (case 94 millóns) no caso das transferencias.

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, tal como mostra o **cadro 1.2.19.**, a porcentaxe que representan as funcións relativas a Sanidade, Educación e Acción Social e Promoción Social mantense por riba

Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2016: distribución funcional

	Sanidade		Educación		Seguridade, protección e promoción social		Débeda pública		Resto de funcións ou políticas	
		16/15		16/15		16/15		16/15		16/15
	(en miles de €)	*(%)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(en miles de €)*	*(%)*	*(en miles de €)*	*(%)*
Andalucía	8.751.156,5	4,0	6.809.279,3	3,4	2.129.815,3	8,2	2.997.568,5	13,4	6.344.865,4	8,5
Aragón	1.789.177,5	12,6	970.638,9	9,2	352.863,9	10,5	518.951,9	-36,4	1.055.635,5	-12,4
Baleares	1.368.407,0	5,9	817.213,9	5,4	153.853,1	12,8	905.516,5	4,8	974.389,1	4,4
Canarias	2.629.442,1	0,3	1.515.934,5	1,2	295.431,6	11,4	909.634,0	38,8	1.914.437,1	14,2
Cantabria	805.758,1	2,1	527.458,3	7,2	212.517,3	3,7	329.850,0	-17,6	589.008,8	-4,1
Castela e León	3.285.027,9	1,0	1.875.965,9	3,7	716.811,9	5,2	1.082.976,1	0,4	1.827.648,4	-10,6
Galicia	3.511.532,0	2,9	2.148.156,0	4,9	568.240,2	14,7	1.598.200,0	5,5	2.430.881,8	7,1
Madrid	7.449.917,2	2,7	4.326.428,8	1,6	1.446.966,2	4,0	2.528.447,3	-34,9	4.387.849,8	7,7
Murcia	1.742.312,6	5,0	1.296.591,3	3,5	321.942,5	7,1	834.009,0	16,0	721.357,6	1,6
Navarra	976.480,0	4,8	601.060,0	4,8	262.644,1	18,4	459.620,0	4,9	1.597.625,4	-1,8
País Vasco	3.416.188,4	0,8	2.525.743,7	1,4	637.408,3	0,2	1.170.217,6	18,3	3.140.740,8	1,7
A Rioxa	409.439,5	3,1	245.545,1	5,2	110.300,0	3,5	188.302,6	37,4	366.108,5	-7,5
C. Valenciana	5.896.703,1	7,6	4.184.180,8	4,8	998.937,5	17,3	4.055.241,0	-18,9	2.020.757,2	8,3
Total(1)	42.031.541,9	3,8	27.844.196,6	3,5	8.207.731,8	8,3	17.578.534,5	-8,2	27.371.305,5	3,2

(1) Sen Asturias, Casela-A Mancha, Cataluña e Extremadura
Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.20.

do 61% do orzamento de gastos. En relación ao orzamento do exercicio anterior, en termos relativos destaca o incremento do 12,5% en Acción e Promoción Social, mentres que en termos monetarios cómpre mencionar que o gasto en educación e sanidade aumenta en case 100 millóns de euros. No que atinxe á "Débeda Pública", esta partida increméntase no ano 2016 un 5,5% (83,1 millóns de euros máis), mantendo o seu peso relativo nos orzamentos da C.A. no 15,5%.

En comparación co que acontece no resto do Estado, os datos publicados polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas reflicten que Galicia é a segunda Comunidade Autónoma onde máis se incrementan, en termos relativos, os créditos orzamentarios consignados para cubrir os servizos públicos de Seguridade, Protección e Promoción Social (14,7%). Asemade, o **cadro 1.2.20.** amosa que a partida de Educación presenta unha medra superior á do conxunto de España (4,9%) ao contrario do acontecido no caso da Sanidade, que medra un 2,9% case un punto menos que en España. Cómpre mencionar que mentres que en Galicia aumenta o gasto destinado á "Débeda Pública", a nivel estatal esta partida descende máis dun 8%.

Na análise dos indicadores da actividade económico-financeira de Galicia recollidos na conta financeira, cómpre mencionar que o aforro bruto por operacións correntes sitúase no orzamento de 2016 nos 689,3 millóns de euros, fronte aos 435,4 millóns do exercicio precedente, como consecuencia dunha medra dos ingresos correntes superior á dos gastos correntes. Pola súa banda, as operacións de capital presentan un saldo negativo entre ingresos e gastos de capital de 820,3 millóns de euros (un 22,6% máis que en 2015), que foi financiado polo devandito aforro por operacións correntes xunto co fondo de continxencia, que se situou en 52 millóns de euros.

Como resultado do anterior, a necesidade de financiamento reflectida na conta financeira dos orzamentos para o exercicio 2016 descende ata os 183,1 millóns de euros (359,0 millóns no ano anterior). Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financia-

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2016

	Aforro bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto ingresos-gastos	Capítulos 1 a 7 ppto ingresos-gastos	En (%) do PIB rexional	Capítulo 9 ppto gastos-ingresos
		(en miles de €)			*(en miles de €)*
Andalucía	1.240.061,0	-1.923.507,6	-683.446,6	-0,5	-730.159,5
Aragón	-116.868,5	-244.074,8	-360.943,3	-1	-361.008,1
Baleares	113.932,4	-371.581,5	-257.649,1	-0,9	-294.106,3
Canarias	25.643,1	-190.971,0	-165.328,0	-0,4	-157.306,8
Cantabria	12.555,4	-120.502,2	-107.946,8	-0,8	-82.107,3
Castela e León	462.725,3	-640.474,3	-177.749,0	-0,3	-203.396,9
Galicia	637.281,0	-820.344,0	-183.063,0	-0,3	-303.594,0
Madrid	773.466,9	-381.404,8	392.062,1	0,2	-1.034.763,1
Murcia	43.697,6	-172.903,1	-129.205,5	-0,4	-75.841,6
Navarra	131.947,2	-184.419,4	-52.472,2	-0,3	-70.189,3
País Vasco	384.531,0	-711.889,8	-327.358,8	-0,5	-338.468,4
A Rioxa	65.572,9	-103.503,9	-37.931,0	-0,5	-46.889,5
C. Valenciana	247.379,1	-556.569,6	-309.190,5	-0,3	-447.985,4
Total(1)	4.021.924,3	-6.422.145,9	-2.400.221,7	-0,3	-4.145.816,3

(1) Sen Asturias, Castela-A Mancha, Cataluña e Extremadura

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.21.

Débeda das CC.AA. 2014-15 (1)

	2014			2015		
	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB
	(en millóns de euros)	*(en euros)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(en euros)*	*(%)*
Andalucía	29.101	3.469,00	20,9	31.365	3.734,35	21,7
Aragón	6.010	4.514,38	18,3	6.930	5.258,58	20,3
Asturias	3.479	3.285,25	16,7	3.876	3.687,11	18,0
Baleares	7.777	6.969,63	29,5	8.306	7.520,29	30,4
Canarias	6.034	2.853,16	14,8	6.649	3.165,73	15,7
Cantabria	2.428	4.131,49	20,5	2.691	4.598,59	21,8
Castela e León	9.359	3.750,07	17,9	10.557	4.270,54	19,4
Castela - A Mancha	12.858	6.196,04	35,3	13.426	6.520,04	35,5
Cataluña	64.466	8.692,55	32,7	72.274	9.626,13	35,3
C. Valenciana	37.376	7.540,92	38,4	41.753	8.382,98	41,3
Estremadura	3.092	2.820,08	18,3	3.576	3.271,74	20,4
Galicia	9.961	3.625,84	18,5	10.375	3.797,10	18,6
Madrid	24.632	3.861,85	12,6	27.646	4.294,86	13,6
Murcia	6.838	4.677,78	25,5	7.601	5.180,31	27,3
Navarra	3.197	5.023,18	18,1	3.322	5.186,77	18,2
País Vasco	8.915	4.113,67	14,1	9.486	4.332,98	14,4
A Rioxa	1.296	4.111,38	16,8	1.436	4.529,21	17,9
Total	236.820	5.091,57	22,7	261.268	5.603,68	24,2

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2.22.

Recadación tributaria 2008-15

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
				(en miles de euros)				
Total	5.721.873	4.353.681	5.331.313	5.631.468	5.697.996	5.657.277	5.776.755	6.394.637
Impostos directos	3.977.499	3.146.673	3.425.875	3.493.619	3.594.894	3.618.470	3.784.378	4.134.332
IRPF	2.593.708	2.318.211	2.474.395	2.546.849	2.520.793	2.400.542	2.480.599	2.524.097
Impostos sobre sociedades	1.323.945	783.595	894.619	881.073	1.002.345	1.083.480	1.164.526	1.469.698
Imposto sobre a renda de non residentes	58.000	43.033	55.338	64.763	68.525	82.136	86.513	89.079
Resto capítulo I	1.846	1.834	1.523	934	3.231	52.312	52.740	51.458
Impostos indirectos	1.699.985	1.163.701	1.852.449	2.082.302	2.043.107	1.965.784	1.916.649	2.197.445
IVE	1.560.234	1.034.573	1.733.370	1.965.785	1.918.208	1.850.903	1.795.844	2.075.289
Impostos especiais	49.707	44.259	35.142	37.666	44.343	46.299	32.292	13.116
Tráfico exterior	88.720	82.974	81.794	76.059	77.864	65.643	83.655	100.517
Taxas e outros ingresos	44.389	43.307	52.989	55.547	59.995	73.023	75.728	62.860

Fonte: Agencia Tributaria, *Recaudación tributaria*

1.2.23.

mento sitúase en 174 millóns de euros (403 millóns en 2015), o que suporía o 0,3% do PIB para 2016, é dicir, catro décimas menos que no exercicio anterior.

A débeda acumulada no ano 2015 en Galicia (referida ao cuarto trimestre de cada ano) ascendeu ata 10.375 millóns de euros segundo o avance do Banco de España, o que representa o 4% da débeda total española. Comparado co resto das CC.AA, Galicia sitúase novamente como unha das que rexistra un menor incremento en relación ao ano anterior (4,2%), por detrás tan só de Navarra (3,9%). No conxunto do Estado, o incremento experimentado foi do 10,3%, máis de seis puntos superior ao rexistrado en Galicia (**cadro 1.2.22.**).

En termos relativos, a relación entre o endebedamento e o PIB aumentou ata o 18,6%, sendo esta porcentaxe do 24,2% no conxunto do Estado. O endebedamento por habitante creceu tamén en relación ao período anterior ata acadar os 3.797,10 euros, situándose moi por baixo da media estatal, que ascendeu a 5.603,680 euros por persoa.


No que respecta aos indicadores económicos da recadación tributaria en Galicia, a recadación líquida total en Galicia creceu de xeito significativo en 2015. Tras unha medra do 10,7% respecto ao ano anterior, a recadación acadou os 6.394,6 millóns de euros, o que representa o 3,5% do total estatal (3,3% no exercicio precedente).

En termos absolutos, o **cadro 1.2.23.** indica que a recadación do IRPF acadou os 2.524,1 millóns de euros, e o imposto sobre sociedades os 1.469,7 millóns de euros, o que supón un incremento na súa recadación do 1,8% e do 26,2%, respectivamente, en relación ao exercicio 2014. No que respecta aos impostos indirectos, o IVE acadou unha recadación no ano 2015 de 2.075,3 millóns de euros, un 15,6% máis que no exercicio precedente, en torno a 280 millóns de euros máis. A recadación destes tres impostos supoñen o 94,9% dos ingresos tributarios do ano 2015.

Proceso de converxencia

Tal como se sinala ao longo do presente capítulo, a economía galega pecha o exercicio de 2015 cun crecemento interanual do PIB do 2,1% segundo os datos presentados polo IGE, lonxe do crecemento medio estatal (3,2%), aumentando deste xeito o diferencial existente. Por contra, Contabilidade Rexional de España publicada polo INE reflicte para Galicia un crecemento do PIB real do 3,2%, similar ao estimado para a media estatal, sendo esta medra do 3,9% no caso do PIB per cápita tanto en Galicia como en Es-

Participación da produción, a poboación e o emprego galego (1) no total español 2008-15



(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes (consulta: 3-03-2016); emprego: afiliados á Seguridade Social
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.24.


Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2009-14 (1)

	Converxencia fronte a España					Converxencia fronte á UE				
						(PIB / habitante)				
	2009	2014	2015	15/09	15/14	2009	2013	2014	14/09	14/13
		(media España=100)		(variación absoluta)		(media UE-28=100)			(variación absoluta)	
Andalucía	76,3	74,0	74,1	-2,2	0,1	77,0	67,8	67,3	-9,8	-0,5
Aragón	109,1	110,3	109,7	0,6	-0,6	110,2	100,4	100,4	-9,9	0,0
Asturias	90,7	88,0	88,8	-1,9	0,8	91,8	80,1	80,0	-11,8	-0,1
Baleares	104,2	104,8	104,7	0,5	-0,1	105,3	95,1	95,3	-10,1	0,1
Canarias	86,0	85,8	85,4	-0,6	-0,4	86,9	77,9	78,2	-8,7	0,3
Cantabria	93,8	90,3	89,5	-4,3	-0,8	94,7	82,0	82,2	-12,5	0,2
Castela e León	93,5	94,0	91,4	-2,1	-2,6	94,7	85,4	85,5	-9,2	0,1
Castela-A Mancha	81,2	78,7	78,8	-2,4	0,1	82,0	72,7	71,6	-10,3	-1,0
Cataluña	116,6	118,8	118,8	2,2	0,0	118,0	107,1	108,0	-10,0	0,9
C. Valenciana	88,6	87,9	88,4	-0,2	0,5	89,8	79,4	80,0	-9,8	0,6
Estremadura	69,6	69,0	69,4	-0,2	0,4	70,5	62,9	62,9	-7,6	0,0
Galicia	88,0	87,7	87,7	-0,3	0,0	88,9	80,5	80,0	-8,9	-0,5
Madrid	134,9	137,2	136,6	1,7	-0,6	136,5	124,3	124,7	-11,7	0,4
Murcia	82,5	81,8	81,3	-1,2	-0,5	83,2	74,9	74,5	-8,7	-0,4
Navarra	124,2	123,6	123,2	-1,0	-0,4	125,4	112,4	112,4	-13,0	0,0
País Vasco	128,2	130,6	130,8	2,6	0,2	129,5	118,4	118,9	-10,6	0,6
A Rioxa	106,8	109,8	109,5	2,7	-0,3	108,2	98,1	100,0	-8,2	1,9
Ceuta	86,4	83,3	83,3	-3,1	0,0	87,3	76,0	76,0	-11,3	0,0
Melilla	81,1	74,6	73,7	-7,4	-0,9	82,0	68,9	68,0	-14,0	-0,9
Total						101,2	91,0	90,9	-10,3	-0,1

(1) converxencia en termos de PIB por habitante; prezos de mercado (paridade poder adquisitivo)
(consulta: 1-03-2016)
Fonte: INE e EUROSTAT

1.2.25.

Converxencia de Galicia e España fronte a UE-28 2000-14 e Galicia fronte a España 2000-14



(1) PIB per cápita a prezos de mercado (paridade de poder adquisiotivo)
(consulta: 1-03-2016)
Fonte: EUROSTAT

1.2.26.

paña. En termos de variación interanual do PIB pm a prezos correntes Galicia presenta unha medra do 3,4% en relación ao ano anterior, catro décimas inferior á rexistrada no conxunto do Estado.

• Converxencia coa media estatal

O peso da economía galega no PIB estatal baixa no ano 2015 ata o 5,18%, fronte ao 5,26% do ano anterior, acadando o valor máis reducido dende que comezou a crise económica. O PIB a prezos correntes no conxunto do último ano sitúase en Galicia en 55.968,3 millóns de euros, o que supón unha taxa de variación interanual en termos nominais do 2,3% e en termos de volume do 2,1% respecto ao ano 2014. Con todo, este forte dinamismo da economía galega segue sendo mías feble que o rexistrado a nivel estatal, onde a variación do PIB en termos nominais acadou o 3,8% e en termos de volume o 3,2%.

O indicador PIB rexionalizable per cápita mantense constante no último ano Galicia en 87,7 puntos (España=100), tres décimas inferior ao rexistrado no ano 2008. Comparado coa situación do ano 2008, esta mínima converxencia prodúcese polo efecto da caída da poboación.

Tras esta evolución, Galicia sitúase como a sexta Comunidade Autónoma co menor valor do PIB rexionalizable, tan só por riba do rexistrado en Estremadura (69,4% do valor español), Andalucía (74,1%), Castela-A Mancha (78,8%), Murcia (81,3%) e Canarias (85,4%).

• Converxencia coa media europea

Os datos provisionais do produto interior bruto por habitante (en paridade de poder adquisitivo) en Galicia no ano 2014 supoñen un novo descenso en relación ao ano anterior, acadando un PIB per cápita equivalente ao 80% da media da UE-28 (90,9% no conxunto do Estado). Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase como a

sexta Comunidade co menor índice, superando novamente a Estremadura (62,9%), Andalucía (67,3%), Castela-A Mancha (71,6%), Murcia (74,5%) e Canarias (78,2%).

O **cadro 1.2.25.** mostra que o proceso de converxencia das diferentes CC.AA. non é homoxéneo, de xeito que entre os anos 2009 e 2014 Galicia perde nove puntos o que a converte nunha das Comunidade que menos diverxe en termos de PIB/habitante, influenciado pola caída da poboación nese período de tempo.

Como se aprecia no **cadro 1.2.26.**, a crise económica frea a senda de converxencia, producíndose un marcado proceso de diverxencia tanto do conxunto do Estado como de Galicia coa media europea, así como, en moita menor medida, de Galicia coa media estatal. O datos provisionais para o ano 2014 parecen definir unha estabilización no proceso de diverxencia e un estancamento en porcentaxes en torno ao 80% da media europea de PIB per cápita e en torno ao 88% en relación á media española. ❑